



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

EXP. PERSOAL 082017

BASES ESPECÍFICAS PARA A SELECCIÓN E A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE TRES PEÓNS PARA A BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE ZAS.

1.-OBJECTO DA CONVOCATORIA.

Esta convocatoria ten por obxecto regular a formación dunha bolsa de traballo para a contratación laboral temporal dos postos sinaldos: tres peóns para a brigada de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Zas.

2.-DURACIÓN DOS CONTRATOS.

Segundo se estableza en cada contrato de conformidade coas necesidades do Concello de Zas ou co convenio de colaboración entre este concello e a Consellería do Medio Rural en materia de vixilancia e defensa contra os incendios forestais.

Os contratos terán unha duración de tres meses desde a súa formalización.

3.-SISTEMA DE PROVISIÓN.

Concurso-oposición.

4.-MODALIDADE DE CONTRATACIÓN.

Contrato laboral temporal de duración determinada, por obra ou servizo determinado, regulado no R.D. 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratación de duración determinada.

As funcións a realizar son con carácter xeral as seguintes: traballos de vixilancia e defensa contra incendios forestais e labores encamiñadas á prevención que diminúan o risco de propagación e minoren os danos dos incendios, no caso de producirse.

5.-XORNADA LABORAL.

Será a tempo completo cos descansos establecidos na lei. Con plena dispoñibilidade, incluíndo nela os traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias.

6.-REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Os aspirantes para participar no presente proceso deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes:

- a) Ser español ou nacional doutro Estado, este últimos, de acordo co disposto no art.57 do Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP).
- b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria ou graduado escolar ou certificado de escolaridade.
- d) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que impida ou sexa incompatible co normal desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opta. Declaración xurada das condicións físicas do aspirante, conforme ao modelo do Anexo III que acompaña a solicitude.
- e) Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- f) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo á Administración do Estado, Comunidade Autónoma ou ás Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- g) Para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na Administración pública de Galicia e para garantir o dereito das administradas e dos administrados ao uso do galego nas relacións coa Administración pública no ámbito da comunidade autónoma, e a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, que determina o artigo 6.3º da Lei de normalización lingüística, deberase acreditar o coñecemento da lingua galega conforme á normativa vixente(CELGA 2 ou equivalente). No caso contrario será necesario a realización dunha proba.

A persoa seleccionada deberá realizar un curso teórico-práctico de formación sobre prevención e defensa contra incendios forestais de 16 horas que será impartido por persoal competente na materia. Este curso será obrigatorio aínda que a persoa seleccionada xa o recibise en anos anteriores.

7.-PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

As solicitudes formalizaráanse no modelo de instancia que se adxunta (anexo II) e deberá xuntárselle a seguinte documentación:

1. Fotocopia do DNI.
2. Xustificante de pago da taxa de 3,00 €, según o disposto na ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS
3. Fotocopia da titulación esixida.
4. Fotocopia da acreditación dos méritos alegados.
5. Declaración xurada das condicións físicas do aspirante, modelo do anexo III.
- 6.-CELGA 2 ou equivalente para acreditar o coñecemento da lingua galega (caso contrario de ser seleccionado, deberá realizarse una proba).

No prazo de dez días naturais, a contar do seguinte do anuncio no B.O.P, os/as interesados/as en participar no proceso selectivo, dirixirán instancia a Alcaldía-Presidencia, dacordo ao modelo do ANEXO I destas bases. Tales instancias presentaranse no Rexistro do Concello ou a través de calquera dos sistemas previstos no art.º 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

Se a solicitude non se presenta no Rexistro do Concello de Zas (correos, outro rexistro) deberase remitir ao fax do concello 981.751.142, ou ben por correo electrónico (correo@concellodezas.org), unha copia da solicitude (anexo I), antes da data de expiración do prazo de presentación de solicitudes. No caso de que o concello non recibira a solicitude orixinal no prazo de dez días desde o remate do prazo de presentación de instancias, entenderase que está presentada fóra de prazo.

Os/as aspirantes quedan vinculados aos datos que figuren na solicitude e unicamente poderán modificalos no prazo de presentación de instancias.

8.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de instancias, por Resolución de Alcaldía se aprobará a lista provisional de admitidos/as e excluído/as, que se publicará no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web municipal e outorgando un prazo de 2 días hábiles para correccións ou emenda de defectos.

De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a lista de admitidos.

Transcorrido o prazo de reclamacións, deberá tomarse novo acordo estimándolas ou desestimándolas con publicación da lista definitiva no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal.

9.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

1.- O tribunal de valoración dos requisitos estará constituído polas persoas seguintes, todas con voto, agás o secretario que dará fe do/s acto/s:

***Presidente:**

Titular:D. Fidel Otero Pazos, monitor deportivo do concello.

Suplente: Dona M^a Carmen Espasandín Lema, responsable do CIM.

***Secretario:**

Titular: D. Constantino López Baña, administrativo do concello

Suplente: Dona Angélica Pose Lema, Traballadora social do concello.

***Vocais:**

Vocal 1: D. Jose Manuel Gonzalez Castiñeira, peón-encargado de obras do concello.

Suplente vocal 1: Dona Susana Otero Pazos, administrativa do concello.

Vocal 2: Dona Ana Lucía Otero Ramos,animadora cultural do concello

Suplente vocal 2: Don José Rodríguez Amado, peón de obras do concello

Vocal 3:Don Jose García Maneiro, peón de obras do concello

Suplente vocal 3:Dona Inmaculada Barreiro Dominguez, administrativa do concello.

2.- O tribunal non poderá reunirse sen a asistencia, como mínimo, de tres dos seus membros (titulares ou suplentes) .

3.- De tódalas reunións que faga o tribunal levantarase acta sucinta polo secretario do mesmo.

4.- A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector público.

5.- O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas un número superior de aspirantes ao de postos convocados, aínda que co resto de solicitantes non seleccionados se



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

establecerá unha orde para cubrir as posibles vacantes que puideran producirse, so válido para a presente convocatoria.

6.-Poderase nomear asesores no Tribunal con coñecementos específicos.

7.- O alcalde, vista a proposta do tribunal, procederá á adopción do decreto correspondente que acordará a contratación.

10.-CRITERIOS DE SELECCIÓN.

A) FASE DE OPOSICIÓN: puntuación máxima 10 puntos.

1. **1.ª proba:** proba física de carácter obrigatorio e eliminatorio. A súa cualificación será apto/non apto e só se permite un intento.

Emprégase un banco de 40 cm de altura para homes e 33 cm para mulleres, no que se subirá e baixará a razón de 90 movementos por minuto (22,5 veces/minuto) durante un período de cinco minutos. O ritmo márcase cun metrónomo. Unha vez finalizado este tempo a persoa que realizou o exercicio repousará quince segundos e unha vez finalizados tomaráselle o pulso (no pulso e no colo, contando as súas pulsacións durante outros quince segundos). Necesitarase unha báscula para obter o peso dos/as candidatos/as.

Cos datos obtidos, idade, peso e pulsacións, pasarase as táboas que se acompañan e determinarase a capacidade aeróbica (anexo I), sendo necesario para ser apto obter como mínimo 40 puntos.

Os candidatos que superen a proba física, realizarán a proba teórica.

2. **2.ª proba:** examen práctico: consistirá na realización dunha proba relacionada coas funcións propias do posto de traballo convocado de acordo ao temario sinalado no ANEXO I

O exercicio se valorará cun máximo de 6 (seis) puntos, sendo o mínimo de 3 (tres) puntos, para superalo.

3. **3ª proba: No caso de non ter acreditado o coñecemento da lingua galega conforme o establecido na Base terceira o interesado deberá superar un exame de coñecemento do idioma galego.** A proba estará dirixida a comprobar o coñecemento do idioma galego, polas persoas aspirantes da mesma, de xeito tanto oral como escrito. Esta proba cualificarase como apto ou non apto. Os non aptos serán excluídos do proceso selectivo.

Se o Tribunal o considera conveniente, poderá acordar a celebración dos exercizos da fase de oposición nunha mesma xornada, concedéndolles os opositores un descanso mínimo de trinta minutos entre a celebración deles, agás renuncia expresa, ou na xonada seguinte deixando transcorrer un prazo mínimo de 12 horas.

B) FASE DE CONCURSO: puntuación máxima 4 puntos.

1. EXPERIENCIA PROFESIONAL: puntuación máxima 3 puntos.

a) Experiencia profesional en traballos como peón/peón conductor contra incendios forestais en administracións públicas: 0,30 puntos por mes, cun máximo por este concepto de 2 puntos.

b) Experiencia profesional en traballos como peón/peón conductor contra incendios forestais en empresas públicas ou privadas do sector: 0,10 puntos por mes, cun máximo por este concepto de 1 punto.

2. EXPERIENCIA EN ORGANIZACIÓNS DE VOLUNTARIADO: puntuación máxima 1 punto.

a) Experiencia, debidamente xustificada, mediante a aportación de certificado, desenvolvida durante un período mínimo dun ano en organizacións de voluntariado que realicen actividades relacionadas coa protección civil ou a xestión de emerxencias: 0,05 puntos por mes traballado, cun máximo por este concepto de 1 punto.

Os puntos obtidos na fase de concurso, sendo a puntuación máxima a otorgar nesta fase de 4 puntos, sumaranse á puntuación obtida na fase de oposición aos efectos de establecer a orde definitiva para formación da bolsa de traballo.

De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

1. Persoa que obtivese o mellor índice de capacidade aeróbica.

2. Puntuación obtida na 2.ª parte do exercicio da fase de oposición.

3. Puntuación obtida no apartado 1 da fase de concurso.

4. Puntuación obtida no apartado 2 da fase de concurso.

5. Sorteo

11 - RESULTADO DA SELECCIÓN.



O tribunal non poderá propoñer para o posto de traballo un número superior de aspirantes ao de postos convocados, aínda que co resto de solicitantes non seleccionados se establecerá unha orde para cubrir as posibles vacantes que puideran producirse, so válido para a presente convocatoria.

O tribunal publicará no Taboleiro de Edictos da Corporación e na páxina web municipal a relación de puntuacións outorgadas e elevará a Alcaldía proposta das persoas candidatas para a formalización do contrato, a favor dos aspirantes posuidores da puntuación mais alta.

12. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E FORMALIZACIÓN DE CONTRATO.

No prazo de 2 días hábiles a contar desde a publicación do resultado da selección a persoa seleccionada deberá presentar certificado médico ou certificado de aptitude expedido por mutua autorizada acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto de xefe de brigada de prevención e defensa contra incendios forestais antes da súa alta na Seguridade Social.

Tamén presentará os orixinais ou copia compulsada relativas a documentación da base sétima na que teña aportado copia simple(DNI, permiso de conducir, titulación,...)

O interesado aportará para a formalización do contrato a seguinte documentación:

1. Fotocopia da cartilla da S.S.
2. Certificado de nº de conta bancaria (IBAN) cos 20 díxitos.

13.-FORMACIÓN DA BOLSA DE TRABALLO.

Cos aspirantes aprobados formarase unha bolsa de traballo segundo a orde de puntuación obtida para contratacións laborais temporais de acordo coas seguintes normas:

1.-Os chamamentos aos aspirantes.

Os chamamentos faranse polo medio máis urxente que permita ter a constancia da súa recepción.

Nos supostos nos que a necesidade de cobertura dun posto non fose previsible coa antelación suficiente ou polas circunstancias concorrentes no proceso de chamamentos debidamente acreditadas, fose necesario a súa cobertura de xeito urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderá realizarse telefónicamente. Neste suposto, a/o empregada/o pública que as realice fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tiveron ou non resposta.

Antes da sinatura as persoas seleccionadas deberán presentar certificado médico ou certificado de aptitude expedido por mutua autorizada acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto de xefe de brigada de prevención e defensa contra incendios forestais antes da súa alta na Seguridade Social.

2.-Situación na bolsa de traballo.

1. Os integrantes da bolsa de traballo non perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda, de tal maneira que se o nomeamento para a que son chamados finaliza, retornarán ao posto que novamente lles corresponda na lista.

2. Os integrantes da Bolsa de Traballo que, sendo convocados para facer efectiva a contratación ou nomeamento segundo o disposto na base 12.1, non se presentaran ou renunciaran a esta sen xustificación suficiente, perderán os seus dereitos quedando excluídos da lista.

A mesma consecuencia terá a renuncia á continuidade no desempeño dun posto de traballo.

3.-Nomeamentos e cesamentos.

Poderán realizarse contratacións laborais temporais para o desempeño de postos de traballo para substitución de persoal con dereito a reserva do posto por motivo de IT, e sexa imprescindible a contratación para a correcta prestación do servizo, o cal deberá quedar debidamente acreditado no expediente.

Unha vez comparecera o aspirante chamado segundo a orde da Bolsa de Traballo, o Sr. Alcalde por Resolución procederá a súa contratación para o desempeño do posto de traballo correspondente.

O cesamento producirase polo transcurso do prazo ou causa da contratación prevista ou por Resolución da Alcaldía de conformidade co establecido na lexislación vixente.

4.-Extinción da bolsa de traballo.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

A bolsa de traballo formada como consecuencia do proceso selectivo que regulan estas bases extinguirase unha vez transcorridos un ano a contar desde a data da súa aprobación, podendo ser obxecto de prórroga por causas debidamente xustificadas e motivadas.

14.-PUBLICIDADE.

A publicidade de tódolos actos relativos a este procedemento farase públicos a través do taboleiro de anuncios e da páxina web do Concello: anuncio comprensivo do acordo de aprobación da convocatoria, do prazo de presentación de solicitudes e do lugar no que poderán obterse as bases do proceso selectivo, bases íntegras do proceso selectivo e os resultados do proceso de selección.

15.-RÉXIME XURÍDICO APLICABLE.

O procedemento regularase polo previsto nas presentes bases e o non previsto nelas polo establecido nas seguintes disposicións:

- Texto Refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP)
- Texto Refundido da Lei do estatuto básico dos traballadores.(RDL 2/2015)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local.
- Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto legislativo 781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposicións básicas).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia
- RD 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso de persoal ao servizo da admón do Estado.

Tanto a convocatoria como as bases e demais actos administrativos que se deriven poderán ser impugnados nos casos e nas formas previstos na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común:

- Recurso de reposición potestativo no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña da Resolución de Alcaldía aprobando as bases e a convocatoria.
- Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña da Resolución de Alcaldía aprobando as bases e a convocatoria; ou si se interpón recurso de reposición no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da notificación da resolución do recurso.”

ANEXO I


PROBA FÍSICA: proba do banco

CADRO A



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142



CADRO B



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

Tomar el resultado (del ③) y ajustar por edad.

⑤

EDAD MAS PROXIMA	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71	72	73	74	75	76															
15	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71	72	73	74	75	76										
20	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71	72	73	74	75	76										
25	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71	72	73	74	75	76									
30	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71	72	73	74	75	76								
35	28	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71	72	73	74	75	76							
40	27	28	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71	72	73	74	75	76						
45	26	27	28	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71	72	73	74	75	76					
50	25	26	27	28	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71	72	73	74	75	76				
55	24	25	26	27	28	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71	72	73	74	75	76			
60	23	24	25	26	27	28	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71	72	73	74	75	76		
65	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71	72	73	74	75	76	
70	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71	72	73	74	75	76

④ COEFICIENTE DE SALUD (del ③)

De la intersección de la columna del coeficiente de salud y de la fila de la edad más próxima obtenemos la capacidad aeróbica.

- Capacidad aeróbica igual o superior a 45: Brigadas Especiales.
- Capacidad aeróbica entre 40 y 45: Otras Brigadas.
- Capacidad aeróbica menor de 40: No apto para la extinción de incendios forestales.



Subida y bajada del banco.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

MODELO DE SOLICITUDE PEÓN PARA A BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS.

D./dona: _____, con DNI n.º _____,
con enderezo _____,
C.P. _____, localidade _____, teléfono _____

EXPÓN:

Que tendo coñecemento da convocatoria publicada por este Concello para a contratación laboral temporal para a brigada de prevención de incendios forestais.

Que reúne todas e cada unha das condicións esixidas nas bases da convocatoria sinalada.

Achégase a tal efecto a seguinte documentación :

- 1- Fotocopia D.N.I.
- 2- Fotocopia documento acreditativo do pago da taxa
- 3.- Fotocopia da titulación esixida
- 4- Declaración xurada das condicións físicas do aspirante, modelo do anexo III
- 5- Celga 2 ou equivalente:

- SI
- NON

6.- Documentación acreditativa dos méritos alegados:

Polo exposto, SOLICITA:

Ser admitido/a no correspondente proceso selectivo referido

Zas, ____ de _____ de 2017



Asinado.: _____

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE ZAS



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

D./dona _____, con
D.N.I. n.º _____ con domicilio a efectos de notificación
en _____

DECLARA baixo xuramento:

– Non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza a que opta (peón para a Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais)

– Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

– Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións por sentenza firme.

Zas, a _____ de _____ de 2017.

Asdo.: _____

Zas, 30 de maio de 2017

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE ZAS